



nota de prensa

Veciñanza fai un chamamento a participar na mobilización por unha atención sanitaria digna en Cuntis

A marcha terá lugar mañá xoves, 31 de outubro, e discorrerá polas rúas de Cuntis, dende o Centro de Saúde ao Campo da Feira (praza da Constitución). A convocatoria parte do acordo das tres forzas políticas con representación municipal.

Cuntis. 30 de outubro de 2019

A pasada semana os voceiros municipais dos tres grupos da Corporación de Cuntis acordaron convocar **unha mobilización para esixirle ao SERGAS unha prestación digna do servizo de saúde no Centro Médico de Cuntis**. As queixas de usuarios/as van en aumento ante o colapso asistencial do centro, debido a carencias de persoal, listas de espera de máis de dez días, caídas do sistema de cita previa por internet, desprazamento de citas concertadas, etc. A mobilización discorrerá mañá **xoves, 31 de outubro, polas rúas de Cuntis. Partirá ás oito do serán do Centro de Saúde e rematará no Campo da Feira** (praza da Constitución).

Paralelamente á convocatoria desta mobilización, os tres grupos acordaron solicitar unha reunión de urxencia con Xerente da EOXI de Pontevedra, que finalmente terá lugar o vindeiro martes día 5 de novembro (logo de retrasar a data inicialmente prevista, que ía ser esta mesma semana). O mantemento da dobre vía de acción (institucional e mobilización) era o plantexamento inicial de Veciñanza, e foi aceptado polos outros dous grupos.

Veciñanza considera que o trato que o SERGAS lle vén dispensando aos veciños e veciñas de Cuntis nos últimos anos pode cualificarse de maltrato. O Conselleiro de Sanidade négase a manter unha reunión cos representantes municipais dende a lexislatura pasada, cando se lle solicitara por primeira vez. **O caso de Cuntis non é excepcional, e é produto das políticas de recorte sanitario e degradación progresiva do Partido Popular dende a Xunta de Galicia**, que prefire investir en propaganda antes que en medios e recursos. A Atención Primaria vese especialmente marxinada, e foron os/as propios/as profesionais os/as que o pasado sábado saíron á rúa para pór de manifesto esta situación.

Veciñanza seguirá apostando pola mobilización fronte ao que considera un desprezo absoluto por parte da Xunta de Galicia, e fai **un chamamento aos veciños/as de Cuntis a que participen na manifestación de mañán e deixen constancia por escrito no Centro de Saúde de todas as queixas, reclamacións e incidencias que padezan**.